

Informe da Directora

Xunta de Escola, 2 de xuño de 2023

1 Actividades de representación

- 10 maio. Asistencia da directora ao acto de presentación de resultados e remate do proxecto “A Caixa Sostible”.
- 11 de maio. Asistencia da directora ao acto de entrega de Distintivos de Igualdade da Universidade de Vigo (terceira edición).
- 23 de maio. Asistencia da directora ao acto de presentación na sede da “*Real Academia de la Ingeniería*” do documento “*Las materias primas minerales en la transición energética y la digitalización: el papel de la minería y la metalurgia*”). Documento de acceso libre en <https://www.raing.es/libro/las-materias-primas-minerales-en-la-transicion-energetica-y-en-la-digitalizacion-el-papel-de-la-mineria-y-la-metalurgia/>. A Directora sinala que está previsto organizar un acto de presentación do documento en Galicia.

2 Reunións de traballo

- 12 e 16 de maio. Reunión da directora para o desenvolvemento do convenio de colaboración RAI-CODEIME.
- 24 de maio. Reunión co director da “Escuela de Ingeniería de Minas y Energía” da UPM.
- 25 de maio. Reunión co Presidente do Clúster de Granito de Galicia.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Actividades de Divulgación Científica

3.1 Sesións informativas graos (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
11/05/2023	IES de Poio (Poio)	2º Bach	7	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Interferencia
18/05/2023	IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia)	4º ESO	21	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
18/05/2023	IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)	4º ESO	60	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor
26/05/2023	IES María Soliño (Cangas)	2º Bach	14	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Óptica Xeométrica

3.2 Taller recoñecemento minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
12/05/2023	CPI Mondariz (Mondariz)	1º e 2º ESO	38	Raquel Pérez	EME

3.3 Participación en Feiras

Data	Colexio/IES	Curso	Actividade	PDI participante
05/05/2023	IES Val do Tea, CPR Inmaculada	6º primaria e 1º ESO	Obradoiro Recoñecemento de Minerais	Enrique Alonso, Laura Andrés, Raquel Pérez

3.4 Conferencias na Escola

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
12/05/2023	CPI Mondariz (Mondariz)	1º e 2º ESO	38	Elena Alonso	Recursos minerais en Galiza e España

3.5 Proxecto A Caixa Sostible

O 10 de maio tivo lugar a xornada de peche, á que asistiron 130 mozos e mozas de dez dos institutos implicados. Fíxose unha posta en común das conclusións obtidas en cada unha das cinco actividades: (i) a pegada de carbono, (ii) a eficiencia enerxética, (iii) a eficiencia luminosa, (iv) a calidade da auga e (v) o patrimonio xeolóxico. Ademais, todos os centros implicados enviaron cadanseu póster explicativo co traballo realizado, que se expuxo no edificio Ernestina Otero.

Tras o acto de apertura tomaron a palabra as e os investigadores que estiveron a cargo de cada unha das actividades incluídas na caixa, que presentaron un resumo dos resultados enviados por cada un dos centros e tamén anunciaron os centros premiados en cada sección por ter presentado os mellores resultados. Os docentes da EEME que presentaron os resultados foron Raquel Pérez Orozco, que coordinou os experimentos relacionados coa pegada de carbono; Pablo Eguía Oller, os de eficiencia enerxética; Benito Vázquez Dorrió, os de eficiencia luminosa; Francisco Deive Herva, calidade das augas e Teresa Rivas Brea, patrimonio xeolóxico.

Tras a presentación dos resultados dos experimentos, o estudantado dos dez institutos que acudiron ao evento desprazáronse á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para realizar as actividades que recolle a táboa seguinte. Divididos en cinco grupo realizaron tres actividades simultáneas en espazos do centro sobre diversas temáticas como intelixencia artificial, creación de pinturas dende a prehistoria ata a idade moderna, combustión, materiais intelixentes e termografía.

Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI e estudantado participante	Actividades / Obradoiros
EPAPU Nelson Mandela (A Lama) IES Luis Seoane (Pontevedra) IES Pino Manso (O Porriño) IES Politécnico (Vigo) IES Ribeira do Louro (O Porriño) IES Ramón Cabanillas (Cambados) IES San Paio (Tui) CPR Marcote (Mondariz)	3º e 4º ESO, 1º Bach	136	Pablo del Río e Francisco García Andrés Cristóbal e Xurxo Rigueira Javier López e Moisés Cordeiro Borja Barreiro e Cinthia Carou Nuria de Castro, Laura Andrés e Teresa Rivas Hideki Bedoya, Marcos Blanco, Alexandre Casal, Óscar Domínguez, Sergio Freiría, Xabier Insua, Luiz H.	Termografía Materiais Intelixencia Artificial Combustión Pinturas

Colexio Salesianos María Auxiliadora (Vigo)			Marcelino, Belén Parente, Lucas Rojo, Mateo Salgado, Alejandro Peña	
---	--	--	---	--

Agradécese a todas as persoas que participaron no desenvolvemento do proxecto “A Caixa Sostible” e a Iago Pozo o labor de coordinación do mesmo.

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación destas actividades.

4 Igualdade

4.1 Cinefórum

Rematou o cine fórum coa proxección das seguintes películas:

- 2 de maio: “*Rafea: solar mama*” (Mona Eldaief, Jehane Noujaim, 2012). Este documental conta a historia dunha muller beduína, Rafea, e as súas compañeiras, que teñen a oportunidade de ser formadas nun programa do Barefoot College (India) nas ferramentas da enxeñaría que lles permitan levar a luz ás súas aldeas.
- 9 de maio: “*Picture a scientist*” (Ian Cheney, Sharon Shattuck, 2020). Narra as dificultades que encontran as mulleres científicas ao longo da súa carreira. O eixo central xira arredor da bióloga Nancy Hopkins, a química Raychelle Burks e a xeóloga Jane Willenbring que falan das súas experiencias.

Agradécese ás persoas que asistiron ás proxeccións e a Generosa Fernández a organización da actividade

5 Actividades extracurriculares

Impartíronse as seguintes conferencias:

- 10 de maio. Conferencia: “Voluntariado internacional e traballos fin de máster/grao en cooperación para o desenvolvemento coa ONG Enxeñaría Sen Fronteiras”. Poñentes: Sergio Fernández Alonso e Xoel González Viéitez. Asociación Enxeñaría Sen Fronteiras Galicia”.

Agradécese aos conferenciantes a súa participación e a Ana Rodríguez a organización e coordinación da actividade.

6 Sistema Garantía Calidade

6.1 Participación enquisas Satisfacción coas titulacións

Ámbito	% Estudantado	% Profesorado	% Persoas egresadas
GEE	7%	38%	43%
GERME	7%	45%	57%
MUEM	50%	56%	33%

Remata o **prazo o 30 de xuño**. Prégase aos diferentes colectivos participen na realización das enquisas, que están abertas ata o final de xuño.

6.2 Participación Enquisas Avaliación Docente

Rematou o prazo o 31 de maio e os datos están desagregados por titulacións e plans novos e antigos.

Cód. titulación	Titulación	Participación a 12/05/2023		
V09G290V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	5	42	11.90%
V09G291V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	23	592	3.89%
V09G310V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	4	9	44.44%
V09G311V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	8	182	4.40%
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	6	56	10.71%

6.3 Guías docentes

Infórmase da próxima apertura do prazo para elaborar as guías docentes. Nuns días informárase das novidades ocasionadas pola entrada en vigor do “Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado”. Está prevista a apertura para o profesorado o 12 de xuño. Indícase que este ano é especialmente importante a elaboración das guías docentes de cuarto curso, que é curso da súa implantación.

6.4 Selo EURACE

O 5 de maio recibíuse o informe final favorable e os logos e condicións de uso do mesmo.

19 de maio. DUVI. <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/os-masters-enxenaria-minas-enxenaria-informatica-primeiros-uvigo-obter-selo-internacional-calidade>

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e o traballo de todas as persoas que participaron no desenvolvemento do proceso de solicitude: estudantado, profesorado, persoal de administración, empregadores, persoas egresadas e persoal técnico da Área de Calidade da Uvigo.

7 Máster Xestión Sostible Auga

O 1 de maio María Araújo, coordinadora da titulación, participou na sesión de presentación das titulacións G2030 que se están a implantar no curso 2023-2024, presentando o Máster en Xestión Sostible da Auga, título no que participa a EME, de carácter interuniversitario con UDC e USC no que a UVIGO oferta 10 prazas.